

Finalistas dos premios da AELG 2013

Publicado por **Redacción**



Os socios e socias da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) xa escolleron os finalistas aos premios á mellor obra publicada no 2013 nas modalidades de ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, blog literario, literatura infanto-xuvenil e traxectoria xornalística. Nestes dous últimos casos tamén participaron na elección os asociados de Gáliz e os membros do Colexio de Xornalistas respectivamente.

As obras gañadoras daranse a coñecer na Gala das Letras, que terá lugar o sábado 3 de maio no Teatro Principal do Concello de Pontevedra.

Finalistas dos premios da AELG 2013

Blog Literario

Caderno da crítica, de Ramón Nicolás.

Criticalia, de Armando Requeixo.

Versos e aloumiños, de Antonio García Teijeiro e Antón García-Fernández.

Ensaio

A revolución non vai ser televisada (Euseino? Editores) de Rebeca Baceiredo.

Estilística da Lingua Galega (Xerais) de Xosé Ramón Freixeiro Mato.

Feminismos (Xerais) de Olga Castro e María Reimóndez.

Literatura Infanto-xuvenil

A illa de todas as illas (Xerais) de Xabier P. DoCampo e ilustrado por Xosé Cobas.

A pantasma da casa da Matanza (Biblos) de Miro Villar e ilustrado por Xosé Cobas.

Todos somos (Xerais) de Marcos Calveiro.

Mellor traxectoria de Xornalismo Cultural en 2013

Ana Romaní.

Carme Vidal.

Fran P. Lorenzo.

Iago Martínez.

Montse Dopico.

Narrativa

A lúa da colleita (Galaxia) de Anxos Sumai.

A memoria da choiva (Xerais) de Pedro Feijoo.

O derradeiro libro de Emma Olsen (Galaxia) de Berta Dávila.

Poesía

Habitación do asombro (Espiral Maior) de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Ningún precipicio (Toxosoutos) de Olalla Cociña.

Raíz da fenda (Xerais) de Berta Dávila.

Sobre ruínas (Alvarellos) de Xesús Rábade Paredes.

Teatro

Isóbaras (Xerais) de Gustavo Pernas.

O refugallo (Xerais) de Paula Carballeira.

Obras Completas (Vols. I, II e III) (Positivas) de Roberto Vidal Bolaño.

Tradución

Desgasteí cadeas estrañándote (Espiral Maior) de Ahmed Arif, traducido por Pepa Baamonde e İrfan Güler.

Ulises (Galaxia) de James Joyce, na tradución de Antón Vialle, Eva Almazán, María Alonso Seisdedos e Xavier Queipo.

Viaxe ao futuro. Relatos de ciencia ficción (Vicens Vives) de VV. AA., en tradución de Alejandro Tobar.

Na segunda fase, xa en andamento, os asociados e asociadas decidirán as obras gañadoras.

Alén das categorías mencionadas, os Premios AELG constan doutros tres galardóns outorgados pola Asemblea de Socios e Socias da AELG:

Premio AELG 2014 "Institucións Culturais"

A AELG valora tamén o impulso dalgunhas institucións na promoción do teatro e, neste sentido, premiará:

O proxecto Buxiganga, da Área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, polo seu labor de difusión e socialización do teatro galego.

Área de Cultura de Deputación da Coruña, polo Premio de teatro Rafael Dieste.

Concello de Narón e de Tui, por ser concellos que dedican un especial esforzo ás artes escénicas.

Premio "Mestras-es da Memoria" 2014

A segunda edición do premio Mestres e Mestras da Memoria, que se concede nesta ocasión a Elba Requeijo e Xavier Blanco, por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura popular tradicional

Escritor Galego Universal 2014

O escritor Bernardo Atxaga será o Escritor Galego Universal, galardón que o distingue como autor que combina a excelencia literaria co compromiso ético que o converte en referente na defensa da dignidade humana. O autor vasco ofrecerá o día 2 de maio, en Pontevedra, unha conferencia con título "Reaccións ante unha pedra raiada", e ao día seguinte recollerá o premio na Gala das Letras. Con este nomeamento Atxaga súmase á listaxe conformada por Mahmoud Darwish, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro e mais Lúcia Jorge.

No transcurso da gala a AELG tamén entregará a distinción Bos e Xenerosos, coa que a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega quere recoñecer o esforzo e o compromiso da xente do espectáculo para manter vivos os nosos escenarios nun momento en que os recortes afectan de maneira especial ás programacións culturais. Desta maneira, a AELG premiará representantes de todas os ámbitos da escena galega:

A compañía Sarabela Teatro, dirixida por Ánxeles Cuña Bóveda recibirá o premio como agrupación profesional.

Achádego Teatro de Lugo, que fai 25 anos neste 2014, será recoñecida polo seu traballo no teatro amator.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia, en nome de todos e todas os que contribuíron ao desenvolvemento da escena galega.

A Editorial Laiovento e o proxecto Casahamlet son outros dous proxectos que merecen destaque da AELG.

E o Premio de teatro infantil á A. C. O Facho.